

Presenza do adxectivo nun texto (xornalístico)

Un hórreo con características excepcionais confirma o tesouro romano de Proendos



Hai catro anos, a empresa Tempos recibiu a chamada do concello de Sober coa proposta de realizar unha campaña de xeorradar en Proendos. Co sistema cartografado, a través do GPS foi ben doado colocar os puntos de sondaxe e os resultados foron máis abundosos do que se contaba. En todas as parcelas analizadas, máis de 20.000 metros cadrados, descubríronse moitísimos restos, como un grande edificio cunha ábsida circular, un foso posiblemente relacionado co castro da aldea, partes dun hipocausto -sistema de calefacción- e, sobre todo, un curioso edificio que os arqueólogos chamaron “en grella” pola súa forma.

“O edificio coa ábsida xa nos falaba dunha vila romana, pero co edificio en grella era diferente, non atopabamos paralelos. Non tiñamos claro que fose un hórreo porque non existía ningún deste tipo en Galicia”, afirma Francisco Alonso, director da campaña. No 2020 chegaron as primeiras escavacións arqueolóxicas en Proendos e, nunha segunda fase o equipo de expertos descubriu as verdadeiras dimensións do celeiro e a súa importancia. “A estrutura é moi singular, porque a base do edificio son sete muros paralelos que axudan á circulación do aire. O do medio é o máis grosso, quizais para soste as columnas dunha cuberta a dúas augas. Hai que imaxinar que falamos do que podería ser unha construción de seis metros de altura e quince metros de longo. Podería ter mesmo un segundo andar”, explica o arqueólogo.

Apoiándose no tamaño excepcional do hórreo, os científicos barallan a posibilidade de que, desde alí, saíse moito do cereal que se consumía noutros puntos da Gallaecia, incluso no *Lucus Augusti* inicial, hoxe a cidade de Lugo. Este *horreum*, o primeiro que se conserva agora en Galicia con muros paralelos, formaría parte dunha vila do Alto Imperio cun edificio central con diferentes estruturas agrícolas asociadas e cuxos restos se encontrarían non moi lonxe do celeiro.

Francisco Alonso tamén lle dá a benvida á idea de deixar unha reserva arqueolóxica. “Nós sempre pensamos a longo prazo e quizais, dentro de 50 anos, aparezan novas técnicas que permitan documentar mellor as estruturas e a antiga contorna”, explica. Pero o traballo non falta. O concello xa ten o permiso da Xunta para deixar unha boa parte do *horreum* á vista e poder visitalo.

(Adaptado de Gcienia)

Presenza do adxectivo nun texto (xornalístico)

Un hórreo con características **excepcionais** confirma o tesouro **romano** de Proendos

Adxectivos en grao positivo.

No caso dos participios, consideramos que teñen un uso adxectivo se concordan co substantivo, aceptan o verbo *estar* e non levan complementos. Así, márcase *cartografado* pero non se inclúe “as parcelas (foron) *analizadas* (por nós)”.

Atención ás palabras que poden funcionar como substantivos e adxectivos. Por exemplo, *medio* (“o do medio”), *longo* (“de longo”) ou *paralelos* (inicio do 2º parágrafo) non son adxectivos.

Co sistema **cartografado**
máis de 20.000 metros **castrados**
un **grande** edificio cunha ábsida
circular
un **curioso** edificio
dunha vila **romana**
co edificio en grella era **diferente**
Non tiñamos **claro**
as primeiras escavacións
arqueolóxicas en Proendos
as **verdadeiras** dimensións
sete muros **paralelos**
no tamaño **excepcional** do hórreo
no Lucus Augusti **inicial**
con muros **paralelos**
dunha vila do **Alto** Imperio cun edificio **central** con **diferentes** estruturas **agrícolas asociadas**
unha reserva **arqueolóxica**
Nós sempre pensamos a **longo** prazo e quizais, dentro de 50 anos, aparezan **novas** técnicas que permitan
documentar mellor as estruturas e a **antiga** contorna
unha **boa** parte do *horreum*

Presenza do adxectivo nun texto (xornalístico)

Tipos de adxectivos atendendo ás calidades.

Todos estes son **especificativos**, pois expresan calidades que non posúen todos os elementos designados, individualizan. As características do hórreo, por exemplo, poderían ser *comúns, vulgares, estrañas... Excepcionais* define como son. (*Circular* tamén o é, pois a ábsida pode ter outras formas).

Teríamos un adxectivo **explicativo** ou epíteto se as calidades fosen implícitas, propias do substantivo. É o caso dos termos engadidos no texto de xeito forzado.

Co sistema cartografado, a través do GPS [**satelital**] foi ben doado colocar os puntos de sondaxe e os resultados foron máis abondosos do que se contaba. En todas as parcelas analizadas, máis de 20.000 metros cadrados, descubríronse moitísimos restos, como un grande edificio cunha ábsida circular, un foso posiblemente relacionado co [**prehistórico**] castro da aldea, partes dun hipocausto -sistema de calefacción- e, sobre todo, un curioso edificio que os arqueólogos chamaron “en grella” pola súa forma.

Presenza do adxectivo nun texto (xornalístico)

Adxectivos en grao comparativo.

Localízase un exemplo de comparativo de superioridade:
MÁIS + ADX + DO QUE.

- “do que” vén esixido pola forma verbal conxugada, do mesmo xeito que “como” na construción de igualdade: “tan abondosos como se contaba”.
- “ca” e “coma” son obrigatorias con pronome tónico.
Ollo: “máis abondosos do que (eu) contaba (eu)” / “máis abondosas ca elas” / máis abondosas ca – que estas”.

Hai catro anos, a empresa Tempos recibiu a chamada do concello de Sober coa proposta de realizar unha campaña de xeorradar en Proendos. Co sistema cartografado, a través do GPS foi ben doado colocar os puntos de sondaxe e os resultados foron **máis abondosos do que se contaba.**

Presenza do adxectivo nun texto (xornalístico)

Adxectivos en grao superlativo absoluto analítico.

Dous exemplos no texto: “ben doado” e “moi singular”.

Fórmase co acompañamento de adverbios (*moi, ben...*) ou mediante a repetición do adxectivo. Non debe confundirse co valor semántico do adxectivo (caso de *excepcional*).

Debe tamén terse en conta que *moi* e *ben* poden modificar outras clases de palabras (“moi lonxe”).

Hai catro anos, a empresa Tempos recibiu a chamada do concello de Sober coa proposta de realizar unha campaña de xeorradar en Proendos. Co sistema cartografado, a través do GPS foi **ben doado** colocar os puntos de sondaxe e os resultados foron máis abondosos do que se contaba.

“A estrutura é **moi singular**, porque a base do edificio son sete muros paralelos que axudan á circulación do aire. O do medio é o máis goso, quizais para soste as columnas dunha cuberta a dúas augas.

Presenza do adxectivo nun texto (xornalístico)

Adxectivos en grao superlativo absoluto sintético.

Non se advirten exemplos de uso de sufixo (-ísimo, -érrimo) ou prefixo (super-, archi-, etc.) para expresar este grao. E tampouco restos latinos como *máximo* ou *pésimo*. Engádense no texto algunhas posibilidades con *curioso*.

Si hai un exemplo de indefinido con gradación (“moitísimos restos”). *Mellor* no texto funciona como adverbio; como adxectivo (“mellor documento”) é unha forma especial de comparativo, relacionada co superlativo *óptimo*.

Descubríronse moitísimos restos, como un grande edificio cunha ábsida circular, un foso posiblemente relacionado co castro da aldea, partes dun hipocausto -sistema de calefacción- e, sobre todo, un **curiosísimo - supercurioso** edificio que os arqueólogos chamaron “en grella” pola súa forma.

Este superlativo nos adxectivos en -bel/-ble adopta a forma *-bilísimo*: *amabilísimas, sensibilísimos...*

Alguns manteñen a raíz culta: *fidelísimo, antiquísima...*

En -érrimo: *celebérrimo, misérrimo, paupérrimo, acérrimo, salubérrimo, pulquérrimo*

Presenza do adxectivo nun texto (xornalístico)

Adxectivos en grao superlativo relativo

A referencia a un muro como o máis *groso* de todos supón o uso deste adxectivo no grao máximo mais poñendo en relación o substantivo cos demais elementos designados.

A construción adopta diferentes formas:

ART [SUBST] MÁIS-MENOS + ADX. [DE-ENTRE 2º TERMO]

“A estrutura é moi singular, porque a base do edificio son sete muros paralelos que axudan á circulación do aire. O do medio é **o máis grosa**, quizais para soste as columnas dunha cuberta a dúas augas. Hai que imaxinar que falamos do que podería ser unha construción de seis metros de altura e quince metros de longo. Podería ter mesmo un segundo andar”, explica o arqueólogo.